



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: BDEP-Olímpicos / 2026

Expediente convocatoria: 2025000037884

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN AVOCAR A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS DA PROVINCIA DE DEPORTES OLÍMPICOS PARA O ANO 2026 E APROBAR AS DITAS BASES E A CONVOCATORIA

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Despois de ver os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, para a aprobación das Bases reguladoras das bolsas para deportistas da provincia de deportes olímpicos para o ano 2026, que figuran no anexo-Bases reguladoras.

Segundo. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Terceiro. Aprobar a convocatoria das bolsas para deportistas da provincia de deportes olímpicos para o ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de presentación de solicitude iniciárase o día 12 de xaneiro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 12 de febreiro de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Quinto.- Dar conta desta resolución na próxima reunión da Xunta de Goberno.

Quinto. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Xunta de Goberno.

Sexto. Aprobar o orzamento dos gastos derivados da convocatoria, por importe de 206,500,00€, con cargo á partida 0612/3411/481 do Orzamento de 2026, con operación RCP número 220259000790.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

Bolsas para deportistas da provincia de deportes olímpicos para o ano 2026

1.- Liñas xerais

1.1.- Obxecto

O obxecto desta convocatoria é apoiar a práctica e o rendemento deportivo, así como posibilitar a participación en eventos deportivos, facilitando ás persoas deportistas da provincia o acceso a unha preparación integral axeitada. A Deputación provincial no seu labor de promoción e difusión do deporte consciente das dificultades que teñen moitos deportistas con talento para progresar en deportes que teñen carácter individual, convoca bolsas para as persoas deportistas da provincia que practiquen algún deporte **incluído** no programa oficial dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos.

Concederanse 59 bolsas distribuídas en catro grupos de idade:

Grupo A.- Concederanse 20 bolsas de 3.500,00 € cada unha delas.

Grupo B.- Concederanse 20 bolsas de 3.500,00 € cada unha delas.

Grupo C.- Concederanse 15 bolsas de 3.500,00 € cada unha delas.

Grupo D. - Concederanse 4 bolsas de 3.500,00 € cada unha delas.

O importe total da convocatoria ascende a 206.500,00€ e se imputará á aplicación orzamentaria 0612/3411/48.

Exclúense da presente convocatoria os deportes **non** incluídos no programa oficial dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos **de Los Ángeles 2028**.

Exclúense da presente convocatoria os cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, que lle deberán ser comunicadas á Deputación.

1.2.- Tramitación

As bolsas desta convocatoria tramitaranse de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL.

A tramitación telemática aplicaráse a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, pago, alegacións e recursos; incluíndo en cada unha delas, as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, e os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme co disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificaránselles ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses.

As resolucións das persoas admitidas e excluídas e a da concesión provisional e definitiva das bolsas, por tratarse de actos integrantes dun procedemento de concorrência competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificarase mediante publicación no BOP, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

2.- Solicitantes

2.1.- Requisitos das persoas solicitantes

Poderán participar nesta convocatoria os/as deportistas residentes na provincia da Coruña que reúnan os seguintes requisitos:

2.1.1. Deporte practicado

Para os grupos de idade A, B, C: practicar algún deporte de carácter individual (en calquera das súas modalidades), incluído no programa oficial dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos de Los Ángeles 2028.

Para o grupo de idade D: practicar algún deporte de carácter individual (en calquera das súas modalidades) incluído no programa oficial dos Xogos Paralímpicos de Los Ángeles 2028.

Ten a consideración de deporte de “carácter individual” todo aquel deporte que, segundo a súa regulamentación, é practicado por un ou por dous deportistas como máximo.

2.1.2.- Grupos de idade dos/as deportistas (anos cumpridos a 31 de decembro de 2026) :

Grupo A.- 12-17 anos: persoas deportistas nadas entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2014 (ambos incluídos).

Grupo B.- 18-23 anos: persoas deportistas nadas entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2008 (ambos incluídos).

Grupo C.- 24-32 anos: persoas deportistas nadas entre o 1 de xaneiro de 1993 e o 31 de decembro de 2001 (ambos incluídos).

Grupo D: 33 anos ou máis: persoas deportistas nadas a partir do 1 de xaneiro de 1993 (incluído).

Só se poderá solicitar bolsa para un único deporte.

2.1.3.- Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña, cunha antigüidade ininterrompida de dous anos, na data da publicación destas bases reguladoras no BOP.

A residencia acreditarase mediante a presentación do correspondente certificado ou volante de empadramento. A data da expedición do certificado ou volante será posterior á da publicación das bases reguladoras no BOP.

2.1.4.- Dispoñer de licenza deportiva vixente na data de publicación no BOP das bases da convocatoria .

2.1.5.- Acreditar o nivel deportivo no deporte practicado e ter proxección nas previsións de futuro.

2.1.6.- Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

2.1.7.- Autorizar para o tratamento necesario dos datos dos solicitantes na tramitación desta convocatoria e da súa publicación no BOP.

2.2.- Obrigas das persoas solicitantes:

Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A persoa que presenta a solicitude da bolsa deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente e de forma xustificada, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificar a dita circunstancia á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- a persoa que solicite a bolsa, ou
- a persoa que a represente perante a Deputación (se é distinta da que solicita a bolsa)

Para o caso de menores de idade (grupo A) a persoa solicitante será sempre o menor, e o representante (persoa que obrigatoriamente presenta a solicitude e a documentación) será o pai, nai ou titor legal do menor, que, ademais, se responsabilizará de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiario da bolsa.

3.- Solicitude

3.1. Prazo e presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEL. O acceso á plataforma faise a través da sede electrónica <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 12 de xaneiro de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 12 de febreiro de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións

3.2 Documentación da solicitude:

A solicitude terá que vir acompañada da seguinte documentación e terá que vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola persoa que solicite a bolsa, ou pola persoa que a represente perante a Deputación.

3.2.1.- Certificado ou volante de estar empadroadado en calquera municipio da provincia no que deberá constar, de forma expresa, a data do seu empadramento, co fin de verificar o requisito da base 2.1.3. (antigüidade ininterrompida de dous anos na data da publicación destas bases reguladoras no BOP).

A data de expedición do certificado ou volante será posterior á da publicación das bases reguladoras no BOP.

3.2.2.- Declaración de ter a licenza vixente, coa federación deportiva correspondente na data de publicación no BOP das Bases da convocatoria.

3.2.3.- Historial deportivo.

Historial deportivo obtido durante o ano 2025, no que haberán de constar as participacións e os resultados obtidos en competicións oficiais autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición.

Este historial terá que vir certificado pola secretaría da federación deportiva correspondente co visto e prace da presidencia, asinado por ambas persoas e coa identificación das persoas asinantes, en documento orixinal e segundo o modelo/patrón que figura na solicitude telemática da bolsa.

É imprescindible a presentación neste modelo/patrón que terá que vir obrigatoriamente certificado pola federación correspondente. Nesta certificación deberá constar a identificación das persoas asinantes.

Será causa de exclusión automática a falta de presentación do historial deportivo no modelo facilitado pola Deputación na solicitude da bolsa.

As competicións non organizadas polas federacións deportivas deberán ser recoñecidas expresamente pola federación galega ou nacional correspondente, a través de

certificación orixinal.

3.2.4.- Proxecto deportivo da tempada actual e progresión de resultados

O proxecto deportivo terá que presentarse segundo o modelo/patrón que figura na solicitude telemática da bolsa.

É imprescindible a presentación neste modelo/patrón.

Será causa de exclusión automática a falta de presentación do proxecto deportivo no modelo facilitado pola Deputación na solicitude da bolsa.

3.2.5.- Declaración responsable doutras axudas solicitadas ou percibidas para o mesmo fin, na anualidade **2026** con indicación do importe solicitado ou concedido.

3.2.6.- Autorización ou oposición para que a Deputación solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria e a Seguridade Social. No caso de non autorizar, deberá presentar as acreditacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.2.7.- Declaración do titor/a legal, no caso de solicitude de bolsas do grupo de idade A de que se responsabiliza de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiario dunha subvención pública.

3.2.8.- Designación de conta bancaria do bolseiro no modelo aprobado pola Deputación da Coruña e certificado acreditativo da titularidade segundo as instrucións que figuran no modelo da sede electrónica desta Deputación.

Deberá presentarse no momento da xustificación para o pagamento da bolsa. No caso de que a persoa solicitante da bolsa xa achegase estes documentos, e non sufrise variación, non será necesaria a súa achega.

3.2.9- Declaración da pertenza da persoa deportista a un club da provincia da Coruña, cunha antigüidade mínima ininterrompida, polo menos, dende o 1 de xaneiro do 2022. A pertenza a un club da provincia non é un requisito obrigatorio, pero poderá terse en conta como criterio de desempate en caso de igualdade de puntuación.

No caso de que a documentación sexa incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da data de aceptación desta notificación, para a súa emenda.

Pasado o dito prazo sen que a persoa solicitante da bolsa atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos obrigatorios esixidos, non se cubran os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

4.- Resolución de admitidos e excluídos

A Deputación publicará no BOP a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas, xa que coa presentación da solicitude se autoriza para o tratamento necesario dos datos das persoas solicitantes e para a súa publicación no BOP.

No prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da data da publicación da resolución de persoas admitidas e excluídas, as persoas interesadas poderán formular reclamacións por erros nas causas de exclusión das solicitudes non admitidas.

Para presentar reclamacións ten que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción **Doc. Adicional**.

Transcorrido este prazo sen que as persoas interesadas formulen reclamacións, considerarase que desisten da súa petición nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Tamén será causa de desistencia da solicitude, non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumprimento dos requisitos establecidos nela.

No caso de que non se formulen alegacións, a resolución provisional considerase definitiva.

No caso de que se formulen reclamacións, deberanse resolver expresamente na resolución definitiva de admitidos e excluídos, que será publicada no BOP.

5.- Composición do xurado

O xurado que valorará as solicitudes e propoñerá as bolsas estará conformado polo deputado de Deportes da Deputación da Coruña, participando con voz pero sin voto, ou persoa en quen delegue, e 3 persoas de recoñecido prestixio no mundo do deporte.

As funcións de secretaría serán exercidas polo secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado publicarase no BOP, con anterioridade á súa reunión, co fin de que poidan promover, se é o caso, a recusación dos seus membros.

Para os efectos da validez da constitución dos tribunais aplicarase o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas será redactada a acta correspondente.

O xurado será nomeado mediante resolución da Presidencia

6.- Valoración das solicitudes, concesión das bolsas, notificación e recursos

6.1.- Valoración das solicitudes.

As solicitudes valoraranse segundo os criterios seguintes:

6.1.1.- Historial deportivo.- Asignaráselle á persoa deportista a puntuación correspondente ao resultado do maior nivel, que obtivera no ano 2025 en campionato oficial, ou campionato recoñecido pola federación deportiva correspondente, de entre os seguintes:

Nivel 1: ata 30 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Clasificación en Campionatos do Mundo absolutos ata o rango 10.
- Clasificación en Campionatos de Europa absolutos ata o rango 8.

Nivel 2: ata 20 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Clasificación en Campionatos do Mundo absolutos , entre o rango 11 ata o 18 inclusive.
- Clasificación nos Campionatos de Europa absolutos, entre o rango 9 ata o 12 inclusive.

Nivel 3: ata 16 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Clasificación entre os 6 primeiros, nos Campionatos do Mundo, ou Europa, en categorías inferiores a sénior na modalidade deportiva individual.

Nivel 4: ata 12 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Clasificación entre os 6 primeiros no Campionato de España individual absoluto
- Clasificación entre os 6 primeiros no Campionato de España individual en categorías inferiores

Nivel 5: ata 7 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Ser internacional na súa categoría de idade ou superiores.

Nivel 6: ata 5 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

- Medallista en Campionatos autonómicos.

Só se valorarán no historial deportivo os campionatos citados, non outras competicións aínda que teñan carácter oficial.

6.1.2.- Proxecto deportivo da tempada actual e progresión de resultados

Valorarase o grao de interese do proxecto presentado, a proxección de futuro do deportista e a súa progresión de resultados ao longo dos últimos dous anos: ata 10 puntos.

Para a valoración das solicitudes o xurado, na súa primeira reunión, establecerá os subcriterios de valoración que consideren adecuados de conformidade cos criterios e puntuacións previstos na base 6.1.1 e 6.1.2.

En caso de igualdade de puntuación, o xurado valorará outros méritos para dirimir o empate.

Poderá terse en conta calquera mérito, acreditado no historial deportivo subministrado pola persoa solicitante, non valorado de acordo co disposto no apartado 6.1.1 anterior; ou a pertenza da persoa deportista a un club da provincia da Coruña, cunha antigüidade mínima ininterrompida, polo menos, dende o 1 de xaneiro do 2022; ou calquera outra que dispoñan os integrantes do xurado cualificador, de entre os méritos deportivos subministrados polas persoas solicitantes; ou a data da presentación da solicitude (dándolle preferencia neste caso ás solicitudes presentadas en primeiro lugar).

6.2 Concesión das bolsas e notificación

O xurado formulará a súa proposta de selección das persoas bolseiras, daqueles solicitantes que acaden maior puntuación conforme o apartado 6.1.1. e 6.1.2 das presentes bases, que será motivada segundo as bases da convocatoria. As súas actuacións serán secretas.

O xurado poderá propoñer as persoas suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade.

Estas persoas suplentes accederán ás bolsas unicamente no caso de existir algunha renuncia ou revogación por incumprimento das bases por parte dos titulares.

Non poderán obter bolsa as persoas solicitantes que non acrediten algún resultado no apartado 6.1.1.

As persoas adxudicatarias das bolsas deberán estar ao corrente nas súas obrigas tributarias no momento da concesión.

O xurado poderá propoñer declarar desertas as bolsas en calquera dos grupos, que son obxecto da convocatoria, cando os solicitantes non acaden o nivel deportivo establecido no apartado 6.1.1. das presentes bases. As bolsas desertas poderanse asignar ao grupo de idade onde houbese maior número de solicitudes admitidas.

O órgano competente para aprobar a resolución de concesión é o presidente da Deputación.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional que lles será notificada ás persoas interesadas na forma establecida na convocatoria, concedéndose un prazo de 10 días hábiles no que poderán desistir da solicitude ou presentar alegacións.

No caso de non formular desistencia expresa ou alegacións, a bolsa considerarase aceptada tacitamente e a resolución provisional considerase definitiva.

Para presentar a desistencia ou alegacións ten que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción **Doc. Adicional**.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da persoa bolseira proposta fronte á Deputación mentres esta non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

A resolución da convocatoria darase a coñecer mediante a publicación no BOP , e producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos solicitantes e para a súa publicación no citado BOP.

6.3.- Recursos.

Contra a resolución definitiva poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

Recurso de reposición, perante o presidente da Deputación provincial, no prazo dun mes.

Recurso contencioso administrativo, perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaranse dende o día seguinte ao da notificación da resolución da convocatoria.

A presentación dos recursos sinalados non poderá facerse con carácter simultáneo.

7.- Pagamento

É condicionante para o aboamento da bolsa a participación en, polo menos, na metade do número dos campionatos nos que ten previsto participar no ano **2026**, sinalados no proxecto deportivo presentado, e o cumprimento da obriga de non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

Se o número de campionatos nos que ten previsto participar é impar, deberá acreditar a participación no número de campionatos superior enteiro á metade dos previstos.

De non acreditar a participación de, polo menos, na metade do número dos campionatos durante o ano **2026**, ou de estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave, perderá o dereito ao cobramento da bolsa, e deberá reintegrar o importe do anticipo percibido, xunto cos xuros de mora correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

Para o pago das bolsas, as persoas adxudicatarias destas deberán estar ao corrente nas súas obrigas tributarias. Neste senso, o solicitante da bolsa poderá autorizar ou opoñerse, no momento da presentación da súa solicitude, a que a Deputación poida obter as certificacións acreditativas de que está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial da Coruña.

De non autorizar á Deputación a obter as ditas certificacións deberá presentar as

acreditacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Os pagos realizaranse por transferencia bancaria. Para estes efectos o beneficiario da bolsa deberá achegar a designación de conta bancaria do bolseiro no modelo aprobado pola Deputación da Coruña e certificado acreditativo da titularidade segundo as instrucións que figuran no modelo da sede electrónica desta Deputación. No caso de que a persoa solicitante da bolsa xa achegase esta documentación, e non sufrise variación, non será necesaria a súa achega.

A bolsa aboarase nun único prazo ou en dous prazos, no caso de que a persoa beneficiaria solicite o pago anticipado do primeiro pago da bolsa.

Pago nun único prazo

Aboarase o 100% da bolsa (3.500,00€) coa retención que corresponda en concepto de IRPF, despois de finalizar a súa tempada deportiva, e da presentación telemática da seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da federación deportiva correspondente acreditativa dos resultados deportivos obtidos no ano **2026** e de que o bolseiro non está a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
- Informe do club ao que pertence a persoa deportista no que conste a traxectoria deportiva, as actividades desenvolvidas e os campionatos nos que participou a persoa deportista durante o ano **2026**, así como o aproveitamento da bolsa concedida, que deberá constar de forma expresa no informe.
- Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación, coa inclusión de logotipo da Deputación, en calquera acto de difusión do seu proxecto ou actividade deportiva: (medios electrónicos, webs, foros, redes sociais, medios audiovisuais, medios de comunicación), no caso de que o bolseiro dispoña destes medios.
- Designación de conta bancaria do bolseiro no modelo aprobado pola Deputación da Coruña e certificado acreditativo da titularidade segundo as instrucións que figuran no modelo da sede electrónica desta Deputación. No caso de que a persoa solicitante da bolsa xa achegase esta documentación, e non sufrise variación, non será necesaria a súa achega.

A documentación xustificativa para o aboamento nun único prazo, deberá presentarse de xeito telemático.

Para presentar esta documentación ten que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL(a través da sede electrónica <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>), coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción **"Xustificación"**.

O prazo para a súa presentación rematará o 31 de marzo de 2027, ás 14:00 horas.

Pago en dous prazos

O bolseiro poderá solicitar, logo da publicación da concesión definitiva das bolsas, o pago anticipado do primeiro prazo da bolsa. Neste caso, a bolsa aboarase do seguinte xeito,

coa retención que corresponda en concepto de IRPF:

* 40% logo da presentación da seguinte documentación:

- Escrito solicitando o anticipo da bolsa.
- Designación de conta bancaria do bolseiro no modelo aprobado pola Deputación da Coruña e certificado acreditativo da titularidade segundo as instrucións que figuran no modelo da sede electrónica desta Deputación. No caso de que a persoa solicitante da bolsa xa achegase esta documentación, e non sufrise variación, non será necesaria a súa achega.

Esta documentación deberá presentarse de xeito telemático. Para presentar esta documentación ten que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción **"Doc. Adicional"**.

* 60% restante, logo de presentar a seguinte documentación:

- Certificación da federación deportiva correspondente acreditativa dos resultados deportivos obtidos no ano **2026** e de que o bolseiro non está a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave
- Informe do club ao que pertence a persoa deportista no que conste a traxectoria deportiva, as actividades desenvolvidas e os campionatos nos que participou a persoa deportista durante o ano **2026**, así como o aproveitamento da bolsa concedida, que deberá constar de forma expresa no informe.
- Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación, coa inclusión de logotipo da Deputación, en calquera acto de difusión do seu proxecto ou actividade deportiva: (medios electrónicos, webs, foros, redes sociais, medios audiovisuais, medios de comunicación), no caso de que o bolseiro dispoña destes medios

A documentación xustificativa para o aboamento do segundo prazo deberá presentarse de xeito telemático. Para presentar esta documentación ten que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción **"Xustificación"**.

O prazo para a súa presentación rematará o 31 de marzo de 2027, ás 14:00 horas.

8.- Incumprimentos e sancións

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que a persoa bolseira presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda ao dereito de cobro da bolsa outorgada, e ao procedemento de reintegro do primeiro prazo percibido, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a persoa bolseira da

sanción que lle corresponda, por presentación extemporánea da xustificación, segundo a seguinte gradación:

- Ata un mes de atraso: 75 euros
- Entre un e tres meses de atraso: 300 euros
- Máis de tres meses de atraso: 600 euros.

No caso de que a persoa beneficiaria preste conformidade á sanción consentindo en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da bolsa, e comprometéndose a non presentar alegacións nin recurso algún ao respecto, procederá realizar unha redución do importe da sanción dun 90 % de conformidade co disposto no artigo 85.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A sanción será descontada do importe da achega provincial que se vai percibir.

A sanción será descontada do importe da achega provincial que se vai percibir.

9.- Obrigas das persoas bolseiras

Participar en, polo menos, na metade do número dos campionatos nos que ten previsto participar no ano **2026**, sinalados no proxecto deportivo presentado.

Non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

Acudir ás probas ou encontros deportivos aos que se lle convoque.

Colaborar e prestar a súa imaxe cando sexa requirido pola Deputación da Coruña, para aqueles programas ou actividades que organice a Deputación, e asistir aos actos da Deputación, cando solicite a súa presenza (actos protocolarios, charlas, galas, etc).

Facer constar a colaboración da Deputación, coa inclusión de logotipo da Deputación, en calquera acto de difusión do seu proxecto ou actividade deportiva: (medios electrónicos, webs, foros, redes sociais, medios audiovisuais, mencionen medios de comunicación), no caso de que o bolseiro dispoña destes medios.

Comunicar calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento do cumprimento e efectividade das condicións determinantes da concesión da bolsa.

Comunicar a renuncia á bolsa no caso de que se produza unha causa determinante desta renuncia

O incumprimento das condicións recollidas nas presentes bases, así como a renuncia á bolsa, terá como efecto a obrigatoriedade, de ser o caso, de devolución da cantidade percibida, á que se lle engadirán os correspondentes xuros de mora.

Base 10. Publicidade das bolsas concedidas

A Deputación Provincial da Coruña publicará as bolsas concedidas na Base de Datos

Nacional de Subvenciones.

Asemade se publicará na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) o pago das bolsas.

Base 11. Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD_N)

Disposición adicional primeira

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das persoas solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Disposición adicional segunda

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

Disposición final

Para os casos non establecidos nas presentes bases, será de aplicación a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, a Lei 38/2003 xeral de subvencións, o seu regulamento aprobado por R.D. 887/2006, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación do ano **2026**.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral

de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria das bolsas para deportistas da provincia de deportes olímpicos para o ano 2026. O texto completo do programa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

Primeiro. Beneficiarios

A presente convocatoria vai dirixida a deportistas residentes na provincia da Coruña que reúnan os seguintes requisitos:

Para os grupos de idade A, B, C: practicar algún deporte de carácter individual (en calquera das súas modalidades), incluído no programa oficial dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos de Los Ángeles 2028.

Para o grupo de idade D: practicar algún deporte de carácter individual (en calquera das súas modalidades) incluído no programa oficial dos Xogos Paralímpicos de Los Ángeles 2028.

Ten a consideración de deporte de carácter individual todo aquel deporte que, segundo a súa regulamentación, é practicado por un ou por dous deportistas como máximo.

Se establecen catro grupos de idade dos/as deportistas (anos cumpridos a 31 de decembro de 2026) :

Grupo A.- 12-17 anos: persoas deportistas nadas entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2014 (ambos incluídos).

Grupo B.- 18-23 anos: persoas deportistas nadas entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2008 (ambos incluídos).

Grupo C.- 24-32 anos: persoas deportistas nadas entre o 1 de xaneiro de 1993 e o 31 de decembro de 2001 (ambos incluídos).

Grupo D: 33 anos ou máis: persoas deportistas nadas a partir do 1 de xaneiro de 1993 (incluído).

Segundo. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é apoiar a práctica e o rendemento deportivo, así como posibilitar a participación en eventos deportivos, facilitando ás persoas deportistas da provincia o acceso a unha preparación integral axeitada.

A Deputación provincial no seu labor de promoción e difusión do deporte consciente das dificultades que teñen moitos deportistas con talento para progresar en deportes que teñen carácter individual, convoca bolsas para as persoas deportistas da provincia que practiquen algún deporte incluído no programa oficial dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos.

Concederanse 59 bolsas distribuídas en catro grupos de idade:

Grupo A.- Concederanse 20 bolsas de 3.500,00 € cada unha delas.

Grupo B.- Concederanse 20 bolsas de 3.500,00 € cada unha delas.

Grupo C.- Concederanse 15 bolsas de 3.500,00 € cada unha delas.

Grupo D. - Concederanse 4 bolsas de 3.500,00 € cada unha delas.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexeráse polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación das bolsas ascende a un total de 206.500,00 € . As bolsas a conceder serán 59, por un importe cada unha delas de 3.500,00€

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase o día 12 de xaneiro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 12 de febreiro de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións .

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b) e 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de las becas para deportistas de la provincia de deportes olímpicos para el año 2026. El texto completo del programa puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Primero. Beneficiarios

La presente convocatoria está dirigida a deportistas residentes en la provincia de A Coruña que cumplan los siguientes requisitos:

Para los grupos de edad A, B y C: practicar un deporte individual (en cualquiera de sus modalidades) incluido en el programa oficial de los Juegos Olímpicos/Paralímpicos de Los Ángeles 2028.

Para el grupo de edad D: practicar un deporte individual (en cualquiera de sus modalidades) incluido en el programa oficial de los Juegos Paralímpicos de Los Ángeles 2028.

Se considera deporte individual cualquier deporte que, según su reglamento, sea practicado por uno o dos deportistas como máximo.

Se establecen cuatro grupos de edad de los deportistas (edades cumplidas el 31 de diciembre de 2026):

Grupo A. - 12-17 años: deportistas nacidos entre el 1 de enero de 2009 y el 31 de diciembre de 2014 (ambos inclusive).

Grupo B.- 18-23 años: atletas nacidos entre el 1 de enero de 2003 y el 31 de diciembre de 2008 (ambos inclusive).

Grupo C.- 24-32 años: atletas nacidos entre el 1 de enero de 1993 y el 31 de diciembre de 2001 (ambos inclusive).

Grupo D: 33 años o más: atletas nacidos a partir del 1 de enero de 1993 (inclusive).

Segundo. Objeto

El objeto de esta convocatoria es apoyar la práctica y el rendimiento deportivo, así como posibilitar la participación en eventos deportivos, facilitando a los deportistas de la provincia acceso a una preparación integral adecuada.

La Diputación Provincial, en su labor de promoción y difusión del deporte, consciente de las dificultades que tienen muchos atletas con talento para progresar en deportes de carácter individual, convoca becas para deportistas de la provincia que practiquen un deporte incluido en el programa oficial de los Juegos Olímpicos/Paralímpicos.

Se concederán 59 bolsas distribuidas en cuatro grupos de edad:

Grupo A.- Se concederán 20 becas de 3.500,00 € cada una de ellas.

Grupo B.- Se concederán 20 becas de 3.500,00 € cada una de ellas.

Grupo C.- Se concederán 15 becas de 3.500,00 € cada una de ellas.

Grupo D. - Se concederán 4 becas de 3.500,00 € cada una de ellas

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación de las bolsas asciende a un total de 206.500,00 € . Las bolsas a conceder serán 59, por un importe cada una de ellas de 3.500,00€

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará el día 12 de enero de 2026 , y finalizará a las 14:00 horas del día 12 de febrero de 2026, después de la publicación del extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, a través de la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sed electrónica de la Diputación provincial da Coruña.